

**INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS
PROVINCIAIS DE 2005: A SÚA COMPARACIÓN COS
ORZAMENTOS DE 2004**

1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2005: A SÚA COMPARACIÓN COS ORZAMENTOS DE 2004.

1.1. INGRESOS

A Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, supón un cambio significativo nos recursos cos que contan as entidades locais para o seu funcionamento, tanto nos correspondentes ós concellos como ós recursos das entidades locais obxecto desta Memoria, as provincias. Esta lei introduciu importantes modificacións no marco do financiamento local, tanto desde o punto de vista estritamente tributario como polo que afecta ó ámbito financeiro. No caso das deputacións provinciais, no artigo 124 trata dos recargos das provincias, facendo referencia á potestade de establecer un recargo sobre o Imposto de actividades económicas, que consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre as cotas mínimas e o seu tipo non poderá ser superior ó 40%.

O Imposto de actividades económicas, ó igual que as outras figuras tributarias dos concellos é substancialmente modificado por esta lei, sobre todo no tocante a eximir do pagamento á maior parte dos pequenos e medianos negocios, e as persoas físicas que inicien a súa actividade nos dous primeiros anos da mesma, o que inflúe significativamente no importe do recargo provincial, que constitúe o capítulo I dos seus ingresos orzamentarios.

Tamén nesta lei se introduce unha profunda reforma no modelo de participación nos tributos do Estado, plasmada no Título III, Capítulo III, baseado principalmente na cesión da recadación líquida do Imposto da renda sobre as persoas físicas, do Imposto sobre o valor engadido imputable a cada provincia e de determinados Impostos especiais, desenvolvido nos artigos 125 a 127.

No ámbito legislativo que rexe a confección dos orzamentos das administracións públicas é preciso subliñar que a Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que segundo o seu articulado ten por obxecto o

establecemento dos principios reitores ós que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, establece que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizarase de acordo cos principios derivados do Pacto de estabilidade e crecemento: principio de plurianualidade, principio de transparencia e principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos cara á consecución da existencia do equilibrio orzamentario, que será avaliado de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), e que na súa disposición adicional única, modifica os artigos 54 e 146 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que se refiren ó outorgamento da autorización de operacións de préstamo e ó contido do orzamento, polo que o apartado 1 do artigo 146 da lei 39/1988, queda nos seguintes termos:

“O Orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

Os estados de gastos, nos que incluíranse, coa debida especificación, os créditos necesarios para atende-lo cumprimento das obrigas.

Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar no exercicio.

Así mesmo, incluírá as Bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modifica-lo lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento”.


Nesta Memoria se analizan os orzamentos consolidados, que son os resultantes da agregación do orzamento da propia Deputación mailos orzamentos dos Organismos autónomos dependentes delas, descontando as operacións internas, isto é, as transferencias entre Deputación e Organismo. Na actualidade a Deputación da Coruña é a única que non require da operación de consolidación, xa que non ten OO.AA.

A suma dos orzamentos de ingresos das catro deputacións provinciais ascende a 493,4 millóns de euros, un 6% maior que en 2004, representando o orzamento da

Deputación da Coruña o de maior peso porcentual en termos absolutos no conxunto das catro, co 32,6%, seguida polo orzamento da de Pontevedra co 28,7%. Os orzamentos das dúas provincias orientais presentan como nas anualidades anteriores importes máis baixos, representando o orzamento da Deputación de Lugo o 21,3% e o menor orzamento das catro, o de Ourense, que representa o 17,4% respecto da suma das catro.

Esta proporción de recursos cos que contan as facendas provinciais de Galicia reflíctese no gráfico adxunto.

Gráfico nº 1



O orzamento de ingresos das deputacións provinciais presenta un incremento interanual no caso das catro, manifestando a maior contención o orzamento da Deputación da Coruña que soamente medrou nun 1%, fronte a o maior incremento experimentado no de Pontevedra, co 13%, presentando as de Lugo e Ourense, incrementos interanuais de 3% e 8 %, respectivamente.

O agregado de **INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES** medrou para o total deputacións nun 8,5% respecto do ano anterior, observándose que nas catro deputacións os seus orzamentos de operacións de ingresos desta natureza experimentaron medres. O orzamento de 2005 reflicte unha novidade, como consecuencia da modificación da estrutura da Participación nos tributos do Estado, que queda co seguinte contido:

- Cesión parcial da recadación territorializada de determinados tributos estatais: IVE, IRPF e Impostos especiais.

- Fondo complementario de financiamento
- Compensación polas mermas de ingresos provinciais derivados da reforma do Imposto sobre actividades económicas.

Polo que figura a consignación do capítulo II de ingresos, Impostos indirectos, principalmente o Imposto indirecto sobre o valor engadido e os impostos indirectos sobre consumos específicos (cesión sobre o alcohol e bebidas derivadas, cesión sobre a cervexa, cesión sobre as labores de tabaco, cesión sobre hidrocarburos, cesión sobre produtos intermedios).

Dada esta nova composición de ingresos, resulta oportuno mencionar aquí que a reforma lexislativa, parece que fixo diminuír os recursos das entidades locais, derivando unha limitación financeira relevante que dificulta a modernización dos servizos provinciais, polo que cómpre observar estes resultados e acometer o Pacto Local, ou unha reforma lexislativa que sexa coherente coa necesaria mellora e optimización de recursos e dos servizos que as entidades locais prestan ós cidadáns.

O orzamento que reflicte un maior incremento do seu agregado de ingresos de natureza corrente é o de Pontevedra, cunha porcentaxe de incremento do 15%, fronte ó 0,6% que experimenta o da Coruña. O orzamento da deputación de Ourense é o único das catro que non consigna aínda no seu orzamento inicial o importe de impostos indirectos, capítulo II.

O total de operacións correntes como agregado representa o 82,5% do total de recursos do orzamento global das catro deputacións, acadando unha gran preponderancia fronte ós recursos de capital, manifestando que a deputación de Lugo é a que presenta unha menor proporción de ingresos correntes respecto do seu total, o 70,5%, sendo a da Coruña a de maior porcentaxe destes ingresos co 86,6%, situándose as outras dúas entre estas porcentaxes.

A continuación analizaremos os cinco capítulos que conforman este agregado de ingresos segundo a clasificación económica.

Nos cadros nº 1 ó 5, ámbolos dous incluídos, recóllense os orzamentos de ingresos de cada deputación e o resultante global das catro, cos gráficos correspondentes expresivos da proporción de cada un dos capítulos de ingresos sobre o total para os dous exercicios 2004 e 2005.

Cadro nº 1


TOTAL DEPUTACIONES

PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Increm. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	13.893.582,31	2,98	100,30	27.828.645,80	5,64
II. Impuestos Indirectos				24.118.174,20	4,89
III. Taxas e Outros ingresos	18.348.486,54	3,94	2,42	18.793.032,44	3,81
IV. Transferencias Correntes	334.317.114,40	71,81	-1,61	328.936.169,31	66,66
V. Ingresos Patrimoniais	8.956.104,84	1,92	-14,85	7.626.064,84	1,55
Total Operaciones Correntes	375.515.288,09	80,66	8,46	407.302.086,59	82,54
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.422.158,03	0,31	-44,96	782.755,03	0,16
VII. Transferencias de Capital	50.165.879,15	10,78	12,68	56.524.714,42	11,46
VIII. Variación Activos Financeiros	2.396.416,17	0,51	2,31	2.451.767,32	0,50
IX. Variación Pasivos Financeiros	36.058.098,64	7,75	-26,85	26.375.050,00	5,35
Total Operaciones de Capital	90.042.551,99	19,34	-4,34	86.134.286,77	17,46
TOTAL INGRESOS	465.557.840,08	100,00	5,99	493.436.373,36	100,00

Gráfico nº 2



Cadro nº 2


DEPUTACIÓN DA CORUÑA

PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	3.334.370,00	2,09	295,50	13.187.600,00	8,19
II. Impostos Indirectos				11.293.400,00	7,02
III. Taxas e Outros ingresos	5.863.005,00	3,68	-3,70	5.646.343,00	3,51
IV. Transferencias Correntes	125.052.952,00	78,46	-15,85	105.226.350,00	65,38
V. Ingresos Patrimoniais	4.328.100,00	2,72	-5,74	4.079.860,00	2,53
Total Operacións Correntes	138.578.427,00	86,95	0,62	139.433.553,00	86,64
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.326.105,00	0,83	-48,06	688.746,00	0,43
VII. Transferencias de Capital	10.822.168,00	6,79	13,37	12.269.184,00	7,62
VIII. Variación Activos Financeiros	550.000,00	0,35	0,00	550.000,00	0,34
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.100.000,00	5,08	-1,23	8.000.000,00	4,97
Total Operacións de Capital	20.798.273,00	13,05	3,41	21.507.930,00	13,36
TOTAL INGRESOS	159.376.700,00	100,00	0,98	160.941.483,00	100,00

Gráfico nº 3




Cadro nº 3

DEPUTACIÓN DE LUGO

PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	3.759.212,31	3,69	21,20	4.556.045,80	4,33
II. Impuestos Indirectos				3.516.054,20	3,34
III. Taxas e Outros ingresos	6.601.866,54	6,47	2,86	6.790.930,44	6,45
IV. Transferencias Correntes	54.953.721,43	53,89	5,85	58.169.758,18	55,23
V. Ingresos Patrimoniais	1.272.549,84	1,25	0,79	1.282.549,84	1,22
Total Operacións Correntes	66.587.350,12	65,30	11,61	74.315.338,46	70,56
VI. Alleamento Investimentos Reais	91.000,00	0,09	0,00	91.000,00	0,09
VII. Transferencias de Capital	12.026.041,48	11,79	1,13	12.162.406,79	11,55
VIII. Variación Activos Financeiros	342.526,17	0,34	8,80	372.656,32	0,35
IX. Variación Pasivos Financeiros	22.928.957,00	22,48	-19,86	18.375.000,00	17,45
Total Operacións de Capital	35.388.524,65	34,70	-12,40	31.001.063,11	29,44
TOTAL INGRESOS	101.975.874,77	100,00	3,28	105.316.401,57	100,00



Cadro nº 4


DEPUTACIÓN DE OURENSE

PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	500.000,00	0,63	80,00	900.000,00	1,05
III. Taxas e Outros ingresos	1.017.830,00	1,29	1,29	1.030.930,00	1,20
IV. Transferencias Correntes	63.274.587,97	80,01	11,12	70.309.905,13	82,11
V. Ingresos Patrimoniais	375.930,00	0,48	-1,33	370.930,00	0,43
Total Operacións Correntes	65.168.347,97	82,41	11,42	72.611.765,13	84,79
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.803,03	0,00	0,00	1.803,03	0,00
VII. Transferencias de Capital	10.843.642,67	13,71	18,68	12.869.494,63	15,03
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000,00	0,19	0,00	150.000,00	0,18
IX. Variación Pasivos Financeiros	2.919.141,64	3,69	-100,00	0,00	0,00
Total Operacións de Capital	13.914.587,34	17,59	-6,42	13.021.297,66	15,21
TOTAL INGRESOS	79.082.935,31	100,00	8,28	85.633.062,79	100,00

Gráfico nº5




Cadro nº 5

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Increm. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	6.300.000,00	5,04	45,79	9.185.000,00	6,49
II. Impuestos Indirectos				9.308.720,00	6,58
III. Taxas e Outros ingresos	4.865.785,00	3,89	9,43	5.324.829,00	3,76
IV. Transferencias Correntes	91.035.853,00	72,76	4,61	95.230.156,00	67,28
V. Ingresos Patrimoniais	2.979.525,00	2,38	-36,48	1.892.725,00	1,34
Total Operacións Correntes	105.181.163,00	84,06	14,98	120.941.430,00	85,44
VI. Alleamento Investimentos Reais	3.250,00	0,00	-62,89	1.206,00	0,00
VII. Transferencias de Capital	16.474.027,00	13,17	16,69	19.223.629,00	13,58
VIII. Variación Activos Financeiros	1.353.890,00	1,08	1,86	1.379.111,00	0,97
IX. Variación Pasivos Financeiros	2.110.000,00	1,69	-100,00	50,00	0,00
Total Operacións de Capital	19.941.167,00	15,94	3,32	20.603.996,00	14,56
TOTAL INGRESOS	125.122.330,00	100,00	13,13	141.545.426,00	100,00

Gráfico nº6



O capítulo IV, as **transferencias correntes**, segue a ser o de maior peso porcentual na estrutura de ingresos das corporacións provinciais, pese á nova composición da participación nos tributos do Estado este capítulo, representa o 66,7% do total dos recursos do orzamento suma das catro deputacións, aínda que experimentou un leve descenso ó comparalo co exercicio anterior, froito desa xa mencionada nova composición. Este capítulo para o orzamento do total deputacións acada os 328,9 millóns de euros, que ó comparalos cos 407, 3 millóns de euros do agregado de operacións correntes, revélase a grande dependencia orzamentaria dos recursos das provincias respecto dos do Estado fundamentalmente, xa que son o 81% do agregado de operacións correntes.

O peso porcentual deste capítulo sobre o total de ingresos oscila entre o 55,2% do orzamento da Deputación de Lugo e o 82,1% do orzamento de Ourense. O lixeiro descenso deste capítulo ó comparalo co do ano anterior, do 1,6%, foi debido soamente ó descenso experimentado no orzamento da Deputación da Coruña na que descendeu porcentualmente nun 15,9%, debido á restructuración dos seus capítulos de ingresos correntes como consecuencia da aplicación da reforma lexislativa, xa que destaca o fortísimo medre do capítulo de impostos directos, e a forte presenza do capítulo de impostos indirectos que por primeira vez figuran consignados como fonte de recursos das corporacións provinciais, cunha merma respecto do capítulo III de taxas e outros ingresos de natureza tributaria.

Nos orzamentos das outras deputacións provinciais obsérvanse incrementos das transferencias correntes respecto ó orzamento de 2004, sobre todo na de Ourense co 11,1% sendo a única na que non figura aínda a recomposición de ingresos tributarios e da participación dos tributos do Estado como consecuencia da reforma lexislativa.

O capítulo I, **impostos directos**, ascende a 27,8 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións e representa o 5,6% do orzamento total de ingresos, experimentando un forte incremento interanual, debido á xa comentada reformulación entre os capítulos de ingresos, derivada da nova composición da participación nos tributos do Estado.

Así obsérvase que en tódalas deputacións a consignación inicial deste capítulo creceu acusadamente respecto ó ano 2004, experimentando o orzamento da Coruña a maior subida co 295%, pasando a ter este capítulo un peso relativo na estrutura de ingresos

do 8,2%; tamén o incremento no orzamento da Deputación de Ourense foi moi elevado, aínda que neste caso, non variou significativamente a súa estrutura de ingresos e este capítulo segue a ter un peso relativo, na súa estrutura de ingresos, moi baixo, de soamente o 1%. No orzamento da deputación de Pontevedra o incremento interanual foi dun 45,8%, significando o 6,5% do total dos seus recursos no orzamento inicial. En Lugo, o incremento foi do 21,2%, representando o 4,3% dos seus recursos.

O capítulo II, de **impuestos indirectos**, que como xa se viu resulta novedoso no orzamento destas entidades locais provinciais, acada un importe de 24,1 millóns de euros para o conxunto das deputacións, aínda que neste caso a de Ourense aínda non o consignou. A significación relativa deste capítulo na estrutura de ingresos é similar nas deputacións de Pontevedra e A Coruña, co 6,5% e 7% respectivamente, reflectindo a de Lugo no seu orzamento inicial un peso porcentual máis modesto, do 3,3%.

O capítulo III, **taxas e outros ingresos**, acada os 18,8 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións, experimentando un lixeiro incremento interanual de 2,4% respecto a 2004, sendo nos orzamentos das deputacións de Ourense e Pontevedra onde este capítulo medrou en maior medida, con incrementos porcentuais respecto ó ano anterior do 11,2 % e 9,4% respectivamente, reflectindo a de Lugo un incremento lixeiro do 2,9%. No orzamento inicial da Deputación da Coruña este capítulo mostrou un descenso porcentual do 3,7%.

A porcentaxe que este capítulo presenta respecto do total de ingresos é do 3,8% para o conxunto das catro deputacións, sendo o orzamento da de Lugo o que presenta unha maior porcentaxe destes ingresos na súa estrutura de recursos co 6,5%, as deputacións de Pontevedra e A Coruña reflicten porcentaxes similares, do 3,8% e do 3,5% respectivamente, sendo Ourense a que reflicte no seu orzamento o menor peso relativo deste capítulo, co 1,2%.

O agregado intermedio de **ingresos tributarios**, isto é os capítulos de impostos directos, indirectos e mailas taxas, do I ó III, acadan un importe de 70,7 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións, representando o 12,5% do total de recursos para o conxunto das catro deputacións, experimentando un forte incremento interanual, do 119,4%.

O orzamento da Deputación de Ourense non reflicte aínda a reforma lexislativa no seu orzamento inicial polo que os seus valores non son comparables cos das outras deputacións. O peso relativo do agregado intermedio de ingresos tributarios respecto do total de ingresos sitúase en torno ós valores do 14,4% reflectido no orzamento da Deputación de Pontevedra, algo superior ó peso da de Lugo, co 12,4% e menor co reflectido na Coruña co 15,8%.

Dados os cambios experimentados na composición dos ingresos correntes neste exercicio deberase estar a observar a liquidación e resultados do mesmo e a plasmación ou consolidación destas estimacións en orzamentos futuros para poder analizalos con maior certeza.

Por último entre os ingresos correntes, o capítulo de **ingresos patrimoniais**, o capítulo V, que acada o importe 7,6 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións, que experimentou un descenso interanual do 14,9% e representa o 1,5% na estrutura de ingresos das catro deputacións.

O agregado **TOTAL DE INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL** (capítulos VI a IX) para o conxunto das catro deputacións ascende a 86,1 millóns de euros para o orzamento suma das catro deputacións o que supón o 17,46% do total de ingresos, manifestándose neste caso un descenso interanual, do 4,3% e unha perda de peso representativo xa que pasou do 19,34% do exercicio de 2004 ó 17,46% do ano 2005.

O peso relativo na estrutura de ingresos do agregado dos de capital difire entre a maior porcentaxe que presenta o orzamento da deputación de Lugo, co 29,44% e por outra banda as outras tres deputacións co 13,36% a da Coruña, o 15,21 a de Ourense e o 14,56% a de Pontevedra. Este agregado presenta nos orzamentos das deputacións de Lugo e Ourense descensos interanuais, do 12,4% e 6,4% respectivamente, debida nos dous casos á diminución do capítulo IX de pasivos financeiros, e nas outras dúas deputacións reflíctense incrementos neste agregado de ingresos ó comparalos cos do ano 2004.

Neste agregado, o capítulo VII, de **transferencias de capital** é o de maior importancia, e acada os 56,6 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións e representa o 11,5% do orzamento de ingresos. Este capítulo evoluciona á alza respecto de 2004, cun incremento do 12,7%, con subas xeneralizadas nos catro

orxamentos provinciais, aínda que en proporción distantes xa que na de Ourense é na que o crecemento porcentual foi maior, do 18,7%, que fai que presente o maior peso relativo deste capítulo na composición dos ingresos, co 15%, manifestando a de Lugo a maior contención xa que soamente incrementouse nun 1,1% desde o 2004, cunha porcentaxe respecto ó total de ingresos de 11,5%. As transferencias de capital no orxamento da corporación provincial da Coruña presentan o menor peso porcentual, co 7,6%, experimentando un medre do 13,4% interanual, e en Pontevedra representan o 13,5% do seu orxamento e evolucionaron desde 2004 cunha suba porcentual do 16,7%.

O capítulo IX, **pasivos financeiros**, nos que se consignan as operacións de crédito a concertar no exercicio para o financiamento dos investimentos experimentou un acusado descenso, do 26,9% para o conxunto das catro deputacións, e suma un importe de 26,4 millóns de euros, cunha porcentaxe do 5,3% no total dos recursos cos que contan as administracións provinciais.

Neste exercicio 2005, a apelación ó crédito para o financiamento dos investimentos, redúcese nos catro orxamentos provinciais, destacando que para os casos das deputacións de Ourense e Pontevedra o descenso é do 100%, xa que non consignan inicialmente ningunha nova operación de crédito.

O orxamento da Deputación da Coruña presenta un capítulo IX de 8 millóns de euros que representan o 4,9% do total dos seus recursos, cun lixeiro descenso interanual, de soamente o 1,2%.

A Deputación de Lugo, logo do importante pico no seu capítulo IX experimentado en 2004, debido á creación da Sociedade Urbanística provincial, diminúe neste ano 2005 a súa apelación ó crédito nun 19,9%, aínda que o peso porcentual deste capítulo na súa estrutura de ingresos segue a ser o máis alto dos orxamentos provinciais, cunha porcentaxe do 17,45%.

O capítulo VIII, **variación de activos financeiros** representa o 0,5% do total do orxamento suma das catro deputacións, cun importe de 2,5 millóns de euros, e manifesta un lixeiro incremento interanual, aínda que en soamente dous orxamentos provinciais a cifra deste capítulo varía respecto a 2004, xa que na Coruña e Ourense

mantense a mesma cifra do ano anterior, cuns pesos porcentuais de 0,3% e 0,2% respectivamente.

En Lugo a cifra de activos financeiros varía desde os 342.526 euros de 2004 ós 372.656 euros de 2005 o que supón o 8,8% de incremento porcentual e a súa relevancia na composición dos recursos provinciais sitúase no 0,3%.

No orzamento da Deputación de Pontevedra é onde este capítulo é maior e ten maior peso porcentual, do 1%, presentando neste caso un incremento do 1,9%, chegando a unha cifra de 1.379.111 euros en 2005.

O capítulo VI, **alleamento de investimentos reais**, non chega ó millón de euros no orzamento suma das catro Deputacións, con pouca significación.

A continuación expóñense as grandes liñas do orzamento de ingresos tendo en conta a variable da poboación, que reseña os capítulos máis significativos e os agregados de ingresos, que se reflicten no cadro nº 6 e no gráfico nº 7.

Para este informe tomáronse os datos de poboación do Padrón municipal a 1 de xaneiro do 2005.

Así como no comezo deste Informe, no gráfico nº1 observábase que o orzamento da Deputación da Coruña era o de maior importe seguido polo de Pontevedra, figurando os das outras deputacións por debaixo, en termos per cápita, o fío conductor é a supremacía dos valores reflectidos nas corporacións de Lugo e Ourense, das provincias menos poboadas, que superan amplamente os datos dos outras.

Así xa a cifra de **total de ingresos** do orzamento da deputación de Lugo que é de 294,9 euros por habitante é máis que o dobre da cifra da Coruña, 142,9 euros por habitante, situándose a medida de Galicia nos 178,8 euros por habitante; os valores das outras dúas forman dous pares, Ourense é máis cercana a Lugo, con 252,3 euros per cápita e Pontevedra preto da de Coruña con 151 euros per cápita.

Os ingresos tributarios dos cidadáns da provincia de Lugo son os de maior importe en 2005 e acadan os 41,6 euros por habitante, presentando as deputacións da Coruña e Pontevedra cifras moi similares entre si, de 26,8 e 25,4 euros por habitante. Nesta

variable o orzamento de Ourense que como xa se viu aínda non reflectiu a nova composición de ingresos motivada pola reforma lexislativa, presenta o resultado máis baixo, con soamente 5,7 euros por habitante, moi por debaixo da medida de Galicia que é de 25,6 euros por habitante.


VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS

INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	142,9	294,9	252,3	151,0	178,8
Ingresos Tributarios (ITR)	26,8	41,6	5,7	25,4	25,6
% ITR / IT	18,7	14,1	2,3	16,8	14,3
Transferencias Correntes (TC)	93,4	162,9	207,1	101,6	119,2
% TC / IT	65,4	55,2	82,1	67,3	66,7
Operacións Correntes (OC)	123,8	208,1	213,9	129,0	147,6
% OC / IT	86,6	70,6	84,8	85,4	82,5
Transferencias Capital (TDC)	10,9	34,1	37,9	20,5	20,5
% TDC / IT	7,6	11,5	15,0	13,6	11,5
Ingresos Financeiros (IF)	7,6	52,5	0,4	1,5	10,4
% IF / IT	5,3	17,8	0,2	1,0	5,8

Gráfico nº 7



As **transferencias correntes** reflicten uns datos moi diferentes ós anteriores, xa que o maior resultado é o do orzamento de Ourense que máis que duplica a cifra da Coruña, sendo de 207,1 e 93,4 euros por habitante respectivamente, volvendo conformar dous bloques, un formado polos resultados en Ourense e Lugo, os maiores, e o outro en Pontevedra e a Coruña, situándose a medida de Galicia en 119,2 euros por habitante.

O total de operacións correntes en termos per cápita no orzamento da deputación de Ourense é de 213,9 euros, extremo superior das catro, fronte ó resultado na Coruña de 123,8 o menor, situándose a media de Galicia en 147.,6 euros por habitante.

Respecto ós pesos porcentuais deste agregado de ingresos destaca como xa se viu anteriormente, que supera en tódalas deputacións amplamente o agregado dos ingresos de capital, estando en torno ó 83%, aínda que neste caso, o orzamento da deputación de Lugo, nestes últimos exercicios presenta unha menor proporción destes ingresos, cunha porcentaxe do 70,6%.

No orzamento da deputación de Ourense é onde se reflicte a maior cifra de **transferencias de capital** en termos per cápita, con 37,9 euros por habitante seguido de cerca pola de Lugo con 34,1 euros por habitante. A media de Galicia está en 20,5 euros per cápita, estando a de Pontevedra na media e ofrecendo a de Coruña un resultado no seu orzamento significativamente máis baixo con 10,9 euros por habitante.

Os **ingresos financeiros**, os capítulos VIII e IX, é onde se reflicte máis variabilidade nos resultados comparativos entre unhas deputacións e outras, xa que o caso da de Lugo destaca con 52,5 euros per cápita fronte ó resto de resultados que son moito menores.

1.2. GASTOS

Para o conxunto das catro deputacións o total de gastos coincide co total de ingresos ó presentarse os orzamentos equilibrados.

Nos cadros nº 7 ó 11, recóllense os orzamentos de gastos de cada deputación (consolidados cos seus organismos autónomos) e o resultante global das catro, cos gráficos correspondentes expresivos da proporción de cada un dos capítulos de gastos sobre o total para os exercicios de 2004 e 2005.

O TOTAL DE GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES (capítulos I ó IV) ascende para o conxunto das catro deputacións a 264.772.202,89 euros, supoñendo un peso porcentual superior ós gastos de capital xa que representan o 53,7% do total de gastos do orzamento suma das catro deputacións.

Os gastos correntes creceron nas Deputacións de A Coruña, Ourense e Pontevedra, Na Deputación de Lugo reflíctese unha diminución interanual porcentual do 25,2%, reequilibrando dalgunha maneira a subida do 66,3% do período anterior, e deixando os correntes no 45,8% dos gastos da entidade.

O orzamento da Deputación da Coruña aínda que conserva un certo equilibrio entre gastos correntes e de capital presenta un cadro no que se aprecia a consolidación dun incremento do 6,2% dos gastos correntes e unha diminución dos de capital do 4,4%, como xa se apuntaba no período anterior (orzamento 2004). Así temos que o peso do gasto corrente representa o 53,2% e o gasto de capital o 46,8% do orzamento. A Deputación de Ourense presenta un orzamento no que teñen unha preponderancia clara os gastos correntes 72,5% sobre as operacións de capital 27,4%. Tanto no orzamento de 2004 como de 2005 acentúase esta orientación, producíndose un maior incremento interanual nas operacións correntes cun 2,45% e un 1,8% respecto ao incremento das de capital.

Na Deputación de Pontevedra o predominio dos gastos de capital (investimentos mais gastos financeiros) sobre os gastos correntes preséntase un exercicio mais: gasto corrente 48,6% e gasto de capital 51,4%. Non obstante vaise acortando a diferenza entre uns e outros tipos de gastos e así o diferencial no incremento interanual e do 10,4%, tendencia que confirma a do interanual anterior que foi inferior ó 18%.

Como nos exercicios anteriores o capítulo de maior importe dentro dos correntes segue a se-lo de remuneración de **gastos de persoal**, capítulo I, que para o conxunto das catro deputacións acada os 112.589.888 euros o que representa o 22,8% do total de gastos e o 42,5% respecto ós gastos de natureza corrente, experimentando un incremento do 8,2% respecto do exercicio 2004.

O peso porcentual deste capítulo na estrutura do orzamento de gastos varía entre os orzamentos das catro Deputacións: no da Coruña a porcentaxe de gastos en remuneración do persoal é a menor das catro Deputacións representando o 19,2% do destino final dos seus recursos, experimentando un moderado incremento interanual do 3,87%. A Deputación de Lugo presenta un orzamento inicial de 2005 cun peso porcentual do 25% e manifesta un incremento interanual do 10,2%. No orzamento inicial da Deputación de Ourense o peso porcentual do capítulo dedicado a pagamentos de persoal ten un peso porcentual do 25,8% cun incremento interanual do 3,4% o que contribúe a diminuír o seu peso nos gastos correntes. No orzamento da Deputación de Pontevedra o peso porcentual é do 23,5% sendo a provincia onde se manifesta o maior incremento interanual que é do 14,7%.

O capítulo II, **Compra de bens correntes e servizos**, é o segundo en peso porcentual na estrutura de gastos correntes no orzamento do total das catro deputacións e representa o 17,4%, experimentando un importante descenso porcentual respecto do 2004, do 14,% debido sobre todo ó caso singular nesta anualidade no orzamento consolidado que presenta a Deputación de Lugo no que o descenso porcentual deste capítulo foi do 56,4%. Enxugando parte do incremento 203,6% do interanual anterior. O caso contrario é o da Deputación de Ourense que se incrementa no 21,3%. Nas outras Deputacións obsérvase un crecemento moderado, ó comparalo co orzamento de 2004, que é do 4,7% na Coruña e do 6,9% en Pontevedra.

O peso relativo deste capítulo no total do orzamento de gastos presenta a maior magnitude no de Ourense cun 24,4%. O orzamento da Deputación da Coruña presenta pesos case igualados entre os dous compoñentes dos gastos de funcionamento é dicir entre os seus capítulos I e II, cuns pesos do 19,2% e 19% respectivamente. Nas Deputacións de Lugo e Pontevedra o peso porcentual que presenta o agregado de gastos correntes é inferior ó de capital. No caso da

Deputación de Lugo o peso porcentual e do 14,8% cunha diminución interanual do 56,4%. E por último a Deputación de Pontevedra presenta un peso porcentual do 13,3% e un incremento interanual do 7%

O capítulo III, **Xuros**, que representa para o orzamento suma das catro deputacións un incremento porcentual do 7,5%, acada os 7.377.949 euros, o seu peso relativo na estrutura de gastos dos orzamentos das Deputacións é do 1,5% (igual o do ano 2004)

No único orzamento onde este capítulo presenta un incremento respecto o 2004 é o de Lugo, co 237,0%. Non obstante este incremento o único que fai e situar á Deputación de Lugo na media das Deputacións co 1,5% en canto ó peso relativo deste capítulo no orzamento das catro Deputacións.

Nos orzamentos iniciais das outras Deputacións maniféstanse descenso interanuais, sendo o máis acusado o do orzamento de A Coruña cunha baixada do 17,7% porcentual, cun peso relativo deste capítulo do 1,5%. No orzamento da de Ourense a diminución e de 0,1% cun peso relativo deste capítulo do 2,1%. No de Pontevedra o descenso foi do 4% o que representa o 1,1% do seu orzamento de gastos.


Cadro nº 7

TOTAL DEPUTACIÓNES PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	104.032.938,68	22,35	8,23	112.589.888,99	22,82
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	99.864.607,13	21,45	-13,97	85.910.085,66	17,41
III. Intereses	6.860.730,42	1,47	7,54	7.377.948,90	1,50
IV. Transferencias Correntes	49.391.839,31	10,61	19,24	58.894.279,34	11,94
Total Operacións Correntes	260.150.115,54	55,88	1,78	264.772.202,89	53,66
VI. Investimentos Reais	118.780.701,53	25,51	16,64	138.546.745,08	28,08
VII. Transferencias de Capital	66.197.116,99	14,22	5,10	69.574.327,85	14,10
VIII. Variación Activos Financeiros	5.521.679,17	1,19	3,48	5.713.931,32	1,16
IX. Variación Pasivos Financeiros	14.908.226,85	3,20	-0,53	14.829.166,22	3,01
Total Operacións de Capital	205.407.724,54	44,12	11,32	228.664.170,47	46,34
TOTAL GASTOS	465.557.840,08	100,00	5,99	493.436.373,36	100,00

Gráfico nº 8



Cadro nº 8


DEPUTACIÓN DA CORUÑA

PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Increm. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	29.719.519,00	18,65	3,87	30.869.009,00	19,18
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	29.289.323,00	18,38	4,71	30.669.386,00	19,06
III. Intereses	3.008.664,00	1,89	-17,66	2.477.210,00	1,54
IV. Transferencias Correntes	18.609.243,00	11,68	16,19	21.622.096,00	13,43
Total Operacións Correntes	80.626.749,00	50,59	6,21	85.637.701,00	53,21
VI. Inversións Reais	37.341.407,00	23,43	-11,19	33.163.457,00	20,61
VII. Transferencias de Capital	29.864.652,00	18,74	1,33	30.261.450,00	18,80
VIII. Variación Activos Financeiros	3.188.123,00	2,00	-10,79	2.844.030,00	1,77
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.355.769,00	5,24	8,13	9.034.845,00	5,61
Total Operacións de Capital	78.749.951,00	49,41	-4,38	75.303.782,00	46,79
TOTAL GASTOS	159.376.700,00	100,00	0,98	160.941.483,00	100,00

Gráfico nº 9



Cadro nº 9


DEPUTACIÓN DE LUGO

PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Increm. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	23.944.599,03	23,48	10,15	26.374.958,11	25,04
II. Compra de bens Corr. e Servicios	35.819.755,79	35,13	-56,44	15.602.527,25	14,81
III. Intereses	468.765,42	0,46	237,02	1.579.823,90	1,50
IV. Transferencias Correntes	4.201.647,52	4,12	10,78	4.654.489,51	4,42
Total Operacións Correntes	64.434.767,76	63,19	-25,18	48.211.798,77	45,78
VI. Invetimentos Reais	32.664.461,65	32,03	54,65	50.516.374,17	47,97
VII. Transferencias de Capital	4.109.991,75	4,03	-32,24	2.784.958,99	2,64
VIII. Variación Activos Financeiros	342.526,17	0,34	8,80	372.656,32	0,35
IX. Variación Pasivos Financeiros	424.127,44	0,42	708,86	3.430.613,32	3,26
Total Operacións de Capital	37.541.107,01	36,81	52,11	57.104.602,80	54,22
TOTAL GASTOS	101.975.874,77	100,00	3,28	105.316.401,57	100,00

Gráfico nº 10



Cadro nº 10


DEPUTACIÓN DE OURENSE

PRESUPUESTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	21.370.458,65	27,02	3,37	22.090.332,88	25,80
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	17.213.577,34	21,77	21,34	20.886.163,41	24,39
III. Intereses	1.817.150,00	2,30	-0,06	1.816.150,00	2,12
IV. Transferencias Correntes	16.732.315,79	21,16	3,70	17.351.692,83	20,26
Total Operacións Correntes	57.133.501,78	72,25	8,77	62.144.339,12	72,57
VI. Invetimentos Reais	14.745.921,88	18,65	9,30	16.118.015,91	18,82
VII. Transferencias de Capital	3.280.132,24	4,15	38,93	4.557.164,86	5,32
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000,00	0,19	211,92	467.885,00	0,55
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.773.379,41	4,77	-37,84	2.345.657,90	2,74
Total Operacións de Capital	21.949.433,53	27,75	7,01	23.488.723,67	27,43
TOTAL GASTOS	79.082.935,31	100,00	8,28	85.633.062,79	100,00

Gráfico nº 11



Cadro nº 11


DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2004		Incrém. % Interanual	2005	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	28.998.362,00	23,18	14,68	33.255.589,00	23,49
II. Compras de Bens Corr. e Servicios	17.541.951,00	14,02	6,90	18.752.009,00	13,25
III. Intereses	1.566.151,00	1,25	-3,92	1.504.765,00	1,06
IV. Transferencias Correntes	9.848.633,00	7,87	55,01	15.266.001,00	10,79
Total Operacións Correntes	57.955.097,00	46,32	18,68	68.778.364,00	48,59
VI. Investimentos Reais	34.028.911,00	27,20	13,87	38.748.898,00	27,38
VII. Transferencias de Capital	28.942.341,00	23,13	10,46	31.970.754,00	22,59
VIII. Variación Activos Financeiros	1.841.030,00	1,47	10,23	2.029.360,00	1,43
IX. Variación Pasivos Financeiros	2.354.951,00	1,88	-99,23	18.050,00	0,01
Total Operacións de Capital	67.167.233,00	53,68	8,34	72.767.062,00	51,41
TOTAL GASTOS	125.122.330,00	100,00	13,13	141.545.426,00	100,00

Gráfico nº 12



O capítulo IV, **Transferencias correntes**, que supoñen o 11,9% do orzamento conxunto das catro Deputacións experimentou respecto ó exercicio de 2004 un incremento porcentual do 19,24% acadando os 58.894.279 euros.

Nos orzamentos das catro Deputacións experimentou incrementos sendo o máis acusado o do orzamento da de Pontevedra que co incremento do 55% representa o 10% dos gastos dedicados a transferencias correntes, acercándose polo tanto á media das catro Deputacións. No orzamento da Coruña o incremento e do 16,2% cunha porcentaxe deste capítulo do 13,4%. Na Deputación de Lugo as transferencias correntes de gastos medraron nun 10,8% e representan o 4,4% do seu orzamento. Foi na Deputación de Ourense onde o medre foi mais cativo, 3,7% aínda que mantén un alto peso relativo nestes gastos co 20,3%.

O **TOTAL DE OPERACIÓNS DE CAPITAL** (capítulos VI ó IX) ascende a 228.664.170 euros o que representa o 46,3% do total de gastos para o orzamento suma das catro Deputacións, incrementando en 2,2% o seu peso relativo con respecto o 2004. O agregado de gastos de capital reflicte variacións respecto o seu peso relativo no orzamento das catro Deputacións. Nas Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra existe un certo equilibrio entre operacións correntes e operacións de capital. No orzamento da Coruña ten un lixeiro maior peso o gasto corrente 53,2% có de capital 46,8% e nas de Pontevedra e Lugo sucede o revés; en Pontevedra o gasto corrente representa o 48,6% e o de capital o 51,4% e na de Lugo o 46,8% e 54,2% respectivamente.

O orzamento da Deputación de Ourense presenta uns gastos onde sobresa o escaso peso do agregado de gastos de capital (investimentos e financeiros) 27,4% comparado co gasto corrente 72,6%.

Respecto ao exercicio 2004 a Deputación da Coruña reduce o gasto de capital nun 4,4%, e as outras increméntano; a de Lugo nun 52,1% a de Pontevedra nun 8,3% e a de Ourense nun 7%.

Neste agregado intermedio de gastos reflíctese que o de maior relevancia cuantitativa segue a se-lo capítulo VI de Investimentos reais, os realizados directamente polas corporacións provinciais, que no orzamento global resultante da suma dos das catro Deputacións é o de maior importe e polo tanto de maior peso porcentual, co 28% de

porcentaxe sobre o total de gastos, o que da conta do importante papel asignado a estas administracións, nas que mais da cuarta parte dos seus recursos son destinados ó investimento directo, isto é o mellor instrumento económico de xerar riqueza. A pesar do exposto, esta porcentaxe non é tan alta nas catro Deputacións, sendo o orzamento no que ten máis peso o de Lugo, co 48% seguido polo orzamento da Deputación de Pontevedra, co 27,4%, no da Coruña representa ao 20,6%, sendo o de Ourense de menor peso relativo na estrutura de gastos co 18,8%.

O capítulo VI, **Investimentos reais**, representa o 28,1% dos gastos das catro Deputacións e o 60,6% dos de capital, experimentando un incremento interanual do 16,6% respecto a 2004, reflectindo un investimento máis centralizado por ser superior ó capítulo de transferencias de capital.

O orzamento da Deputación de Lugo segue a ser o que presenta o capítulo de investimentos directos co maior peso porcentual na súa estrutura de gastos co 48% que lle representa o 88,5% dos seus gastos de capital, e manifesta un incremento interanual do 54,7%. Neste orzamento manifestase así mesmo que o capítulo VII de transferencias de capital, que xunto ó VI compoñen o que se chama Investimentos, tendo en conta tanto os realizados pola propia Deputación como os transferidos principalmente ós concellos da provincia, manifesta un retroceso ó diminuír nun 32,2% as transferencias de capital.

Os investimentos directos a realizar pola Deputación da Coruña representan o 20,6% do total de gastos inicialmente consignados e o 44% respecto do agregado intermedio de gastos de capital, experimentando unha diminución con respecto o ano 2004, cunha porcentaxe interanual do 11,2%.

A Deputación de Pontevedra dedica ós investimentos directos unha porcentaxe do 27,4% que representa o 53,3% sobre o total dos seus gastos de capital, experimentando un incremento interanual do 13,9% do que resulta unha maior importancia relativa na súa estrutura de gastos. Os seus gastos de transferencias tamén manifestan un incremento respecto o ano 2004, cun incremento interanual do 3,2%.

No orzamento da Deputación de Ourense, o capítulo VI de Investimentos reais experimenta un incremento do 9,3% con respecto do consignado en 2004, aínda que

segue a presentar o peso relativo máis baixo das catro Deputacións. As transferencias de capital tamén experimentan un incremento do 38,9% no mesmo período.

As **Transferencias de capital**, outorgadas polas Deputacións e mailos seus organismos autónomos para o financiamento de gastos de investimentos, capítulo VII, que forman parte do conxunto dos Investimentos, representan para o orzamento total das catro Deputacións o 14,1% do total de gastos e o 30,4% respecto do agregado intermedio de gastos de capital, e experimenta un incremento interanual do 5,1%. Soamente no orzamento da Deputación de Lugo diminuíu este capítulo no 2005, cun descenso interanual do 32,2%. tendo neste caso un peso relativo de 2,6% na súa estrutura de gastos.

Nos orzamentos das outras Deputacións acúsanse medres interanuais do consignado polo capítulo VII: así no da Coruña o medre foi do 1,33% cun peso relativo na estrutura de gastos do 18,8%, moi igualado co do orzamento 2004; No orzamento da corporación provincial de Ourense o medre foi o máis importante cun incremento interanual do 38,9% e o peso porcentual na súa estrutura de gastos foi do 5,3%. No orzamento de Pontevedra o crecemento interanual é do 10,5% o que deixa o seu peso relativo na estrutura de gastos no 22,6%.

Do agregado **Investimentos**, recollendo o xa exposto para os dous capítulos que o compoñen (VI e VII), débese sinalar que ascende a 208.121.072 euros para o orzamento suma das catro deputacións o que representa o 42% do total de gastos. Neste agregado destaca o reflectido nos orzamentos consolidados das Deputacións de Lugo e Pontevedra xa que a metade dos seus gastos serán dedicados a Investimentos, o 50,6% e o 50% respectivamente. Nas outras Deputacións esta porcentaxe é inferior e en todo caso sitúase por debaixo da metade, sendo do 39,4% na da Coruña, e do 24,1% no orzamento de Ourense.

O capítulo VIII, **Variación de activos financeiros**, soamente representa o 1,2% do orzamento das catro Deputacións, cun incremento interanual do 3,5%.

O capítulo IX, **Variación de pasivos financeiros** no que se contabilizan as anualidades das amortizacións de capital da débeda viva concertada para o financiamento de investimentos, representa o 3,0% do total de gastos do conxunto das catro Deputacións, manifestando un descenso interanual porcentual do 0,53 %

respecto do exercicio do 2004. Na Deputación de Lugo o incremento deste capítulo é moi forte, cun porcentaxe de medre do 708,9%, representando un 3,3% do seu total de gastos.

No orzamento da Coruña o capítulo IX reflicte un incremento interanual do 8,1%, cun maior peso porcentual dos pasivos financeiros na estrutura de gastos co 5,6%. Nos orzamentos das Deputacións de Ourense e Pontevedra o capítulo IX diminuíu nun 37,8% e un 99,2% respectivamente, supoñendo un peso porcentual no seu orzamento de gasto do 2,7% na Deputación de Ourense, e sen chegar a ter peso porcentual na provincia de Pontevedra.

O cadro nº 12 reflicte as principais variables de gastos analizadas en termos per cápita segundo o padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2005. Os gastos totais coinciden en termos per cápita cos ingresos xa que os orzamentos das deputacións presentan equilibrio inicial entre ingresos e gastos.

Os gastos dedicados ó **pagamento do persoal** ó servizo das administracións provinciais son de 40,8 euros por habitante para a media de Galicia, superando este valor os resultados dos orzamentos nas provincias de Lugo e Ourense con 73,9 e 65,1 euros por habitante respectivamente.

En Pontevedra resulta que o dedicado a pagamentos de persoal do orzamento 2005 resulta ser de 35,5 euros por habitante, mentres que na Coruña a cifra resultante é menos, con 27,4 euros por habitante.

O 22,8% de gastos do orzamento de 2005 das catro Deputacións destinaranse a gastos de persoal, elevándose ó 25,8% no orzamento da Deputación de Ourense a de maior peso relativo do capítulo I, fronte ó 19,2% que representa o orzamento da Deputación da Coruña nestes gastos.

Cadro nº 12


VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANZEIRAS

GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais (GT)	142,9	294,9	252,3	151,0	178,8
Gastos de Persoal (GP)	27,4	73,9	65,1	35,5	40,8
% GP / GT	19,2	25,0	25,8	23,5	22,8
Operacións Correntes (OC)	76,1	135,0	183,1	73,4	95,9
% OC / GT	53,2	45,8	72,6	48,6	53,7
Investimentos (I)	56,3	149,2	60,9	75,4	75,4
% I / GT	39,4	50,6	24,1	50,0	42,2
Gastos Financeiros (GF)	10,5	10,6	8,3	2,2	7,4
% GF / GT	7,4	3,6	3,3	1,4	4,2

Gráfico nº 13



O agregado intermedio de **gastos de natureza corrente** reflicte para a media de Galicia un valor de 95,9 euros por habitante, sendo o orzamento da Deputación de Ourense o que presenta o valor máis alto en termos per cápita con 183,7 euros por habitante sendo así o que presenta o maior peso porcentual destes gastos, o 72,3%.

O resultado en termos de euros por habitante no orzamento 2005 da Deputación da Coruña é de 76,1 e o 53,2% mentres que o resultado no orzamento da de Pontevedra e o máis baixo con 73,4 euros por habitante e o 48,6%, o menor peso porcentual represento a Deputación de Lugo co 45,8% aínda que o orzamento e de 135 euros por habitante.

Os **Investimentos**, a suma dos realizados directamente polas corporacións provinciais e polos seus organismos autónomos e mailos levados a cabo principalmente polos concellos froito das transferencias de capital que reciben das Deputacións (capítulos VI e VII) manifestan unha gran variabilidade entre unhas Deputacións e outras e presenta un gasto de 75,4 euros por habitante como media de Galicia.

Nesta variable o resultado ofrecido polo orzamento da Deputación de Lugo é o maior das catro xa que ten o valor de 149 euros por habitante, mentres que o resto delas ofrecen valores moi por debaixo deste: no orzamento da Deputación de Pontevedra o resultado é de 75,4 en termos per cápita, en Ourense son 60,9 euros por habitante o previsto no orzamento 2005 para investimentos, e por último en A Coruña o valor é o máis baixo cun importe de 56,3 euros por habitante.

Os **gastos financeiros**, capítulos VIII e IX, achéganse a 7,4 euros por habitante para media de Galicia o que representa o 4,2% sobre o total de gastos. O resultado no orzamento da Deputación de Lugo e o maior dos catro con 10,6 euros por habitante o que evidencia a gran diferenca en valores per cápita xa que o resultado en Pontevedra é de 2,2 euros por habitante. No orzamento da Coruña o valor é de 10,5 euros por habitante de gastos financeiros, e no orzamento da de Ourense resulta que son 8,3 euros per cápita o previsto inicialmente a gastar en capítulos VIII e IX no orzamento 2005

1.3. AFORRO PÚBLICO E CARGA FINANCEIRA

É preciso sinalar aquí que nesta Memoria preséntanse os cálculos das variables de aforro público e de carga financeira referidas soamente ós valores consignados no orzamento inicial, polo que deberá terse en conta este aspecto, xa que para unha análise máis completa, necesitaríase realiza-los cálculos do aforro público real referido á diferenza entre ingresos e gastos liquidados, isto é, entre dereitos liquidados e obrigas recoñecidas ó que teríamos que deduci-la anualidade teórica de amortización da débeda viva existente en cada corporación provincial para chegar ó concepto de aforro neto e así coñece-la necesidade ou capacidade de financiamento destas administracións, e observa-lo cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria, pero que dado que soamente se trata dos orzamentos iniciais que acompañan ó Orzamento da Xunta de Galicia, a análise céntrase en maior medida en reflecti-las variacións respecto do orzamento do ano anterior e na estrutura comparativa dos recursos e destinos iniciais ou previstos das principais magnitudes orzamentarias.

O **aforro público bruto (AB)**, é dicir, a diferenza entre operacións correntes de ingresos e gastos, acada a cifra de 142.529.883,70 euros para o conxunto das catro Deputacións o que reflicte un aumento desta variable respecto do ano 2004 cun aumento interanual do 23,5%.

A diferenza entre ingresos e gastos de natureza corrente aumentou nas Deputacións de Lugo 1.112,70%, Ourense 30,3% e Pontevedra 10,4%, mentres que na Coruña sufriu un lixeiro descenso 7,2%. O incremento espectacular do Orzamento consolidado de Lugo e debido (probablemente á Xunta da Sociedade Urbanística).

En termos per cápita o resultado do aforo público bruto para a media de Galicia acadou os 51,6 euros por habitante, importe superado polos resultados obtidos nos orzamentos das Deputacións de Lugo e Pontevedra, con resultados de 73,1 e 55,6 euros/hab. respectivamente. Os resultados obtidos nos orzamentos de A Coruña e Ourense tamén en termos per cápita resultan ser inferiores, cuns valores de 47,8 euros por habitante e 30,8 euros por habitante respectivamente.


Cadro nº 13

VARIABLES E RATIOS ECONOMICO-FINANCEIRAS
AFORRO PUBLICO E CARGA FINANCEIRA

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Aforro Bruto	47,8	73,1	30,8	55,6	51,6
Aforro Neto	39,7	63,5	23,9	55,6	46,3
% AN / Investimentos	70,6	42,5	39,3	73,7	61,4
Intereses	2,2	4,4	5,4	1,6	2,7
Amortizacións	8,0	9,6	6,9	0,0	5,4
Carga Financeira (CF)	10,2	14,0	12,3	1,6	8,0
% CF / I. Correntes	8,26	6,7	5,7	1,3	5,5

Gráfico nº14



O **aforro neto** resultante de deducilas anualidades das amortizacións consignadas inicialmente no capítulo IX de gastos, pola débeda viva ó aforro bruto, ascende á cifra de 127.700.717.48 euros para o conxunto das catro Deputacións experimentando un incremento deste resultado respecto a 2004, incluso maior co incremento do aforro bruto, cunha porcentaxe do 27,1%, xa que as anualidades das amortizacións consignadas neste orzamento para o conxunto das catro Deputación baixaron lixeiramente. Esta variable baixou no orzamento da Deputación de A Coruña nunha proporción lixeiramente superior ó aforro bruto e nas outras tres Deputacións houbo un crecemento substancial, comparado co exercicio 2004.

En termos de euros por habitante a cifra da media de Galicia é de 46,3 euros superada polos resultados das Deputacións de Lugo e Pontevedra, con valores de 63,5 e 55,6 euros por habitante respectivamente. Os resultados en termos per cápita nos orzamentos das outras dúas están por debaixo da media, reflectindo a Deputación de A Coruña un valor de 39,7 euros por habitante e a de Ourense de 23,9 euros por habitante.

A **carga financeira**, a suma dos xuros e comisións do capítulo III mailas amortizacións do capítulo IX de gastos achégase ós 22.207.115,12 euros para o conxunto das catro Deputacións experimentando un lixeiro incremento cuantitativo 438.157,85 euros pero mantendo a súa evolución positiva na medida en que o seu peso porcentual é menor, 0,2% no exercicio 2005 que no anterior. Esta evolución manifestase nos orzamentos das Deputacións de Ourense e Pontevedra nas que diminúe o peso destes agregados de gastos no 2,2% e 1% respectivamente do total de gastos. Mantense na Deputación da Coruña co mesmo peso e sube en Lugo incrementando o seu peso interanual nun 3%.

Soamente no caso da Deputación de Lugo se observa que os xuros e comisións consignados no capítulo III presentan un importe superior ó capítulo IX de amortizacións, estando composta a carga financeira nas outras Deputacións en maior proporción das anualidades de amortizacións dos préstamos pendentes.

A carga financeira para a media de Galicia é de 8 euros por habitante, presentando os orzamentos das Deputacións de A Coruña, Lugo e Ourense valores superiores a esta media, en termos per cápita, sendo destacable o baixo resultado que se reflicte no orzamento da Deputación de Pontevedra, con soamente 1,6 euros por habitante.

ANEXO:

A ORIGEN E A APLICACIÓN DOS FONDOS

VARIABLES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Cadro nº 14

A ORIXE E A APLICACIÓN DOS FONDOS

CONCEPTOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
-----------	----------	------	---------	------------	---------

ORIXE DOS FONDOS

Ingresos tributarios	30.127.343,00 18,72	14.863.030,44 14,11	1.930.930,00 2,25	23.818.549,00 16,83	70.739.852,44 14,34
Ingresos patrimoniais	4.079.860,00 2,53	1.282.549,84 1,22	370.930,00 0,43	1.892.725,00 1,34	7.626.064,84 1,55
Transferencias correntes	105.226.350,00 65,38	58.169.758,18 55,23	70.309.905,13 82,11	95.230.156,00 67,28	328.936.169,31 66,66
Transferencias de capital	12.269.184,00 7,62	12.162.406,79 11,55	12.869.494,63 15,03	19.223.629,00 13,58	56.524.714,42 11,46
Crédito	8.000.000,00 4,97	18.375.000,00 17,45	0,00 0,00	50,00 0,00	26.375.050,00 5,35
Outros (VI e VIII)	1.238.746,00 0,77	463.656,32 0,44	151.803,03 0,18	1.380.317,00 0,98	3.234.522,35 0,66


APLICACIÓN DOS FONDOS

Circulante (I, II e IV)	83.160.491,00 51,67	46.631.974,87 44,28	60.328.189,12 70,45	67.273.599,00 47,53	257.394.253,99 52,16
Carga financeira	11.512.055,00 7,15	5.010.437,22 4,76	4.161.807,90 4,86	1.522.815,00 1,08	22.207.115,12 4,50
Investimentos	63.424.907,00 39,41	53.301.333,16 50,61	20.675.180,77 24,14	70.719.652,00 49,96	208.121.072,93 42,18
Outros (VIII)	2.844.030,00 1,77	372.656,32 0,35	467.885,00 0,55	2.029.360,00 1,43	5.713.931,32 1,16


Gráfico nº 15

Total Deputacións

ORIXE DOS FONDOS



APLICACIÓN DOS FONDOS



Cadro nº 15

MAGNITUDES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Euros

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
INGRESOS CORRENTES	139.433.553,00	74.315.338,46	72.611.765,13	120.941.430,00	407.302.086,59
GASTOS CORRENTES	85.637.701,00	48.211.798,77	62.144.339,12	68.778.364,00	264.772.202,89
AFORRO BRUTO	53.795.852,00	26.103.539,69	10.467.426,01	52.163.066,00	142.529.883,70
Amortizacións	9.034.845,00	3.430.613,32	2.345.657,90	18.050,00	14.829.166,22
AFORRO NETO	44.761.007,00	22.672.926,37	8.121.768,11	52.145.016,00	127.700.717,48
INGRESOS DE CAPITAL(Cap VI+VII)	12.957.930,00	12.253.406,79	12.871.297,66	19.224.835,00	57.307.469,45
INVESTIMENTOS	63.424.907,00	53.301.333,16	20.675.180,77	70.719.652,00	208.121.072,93
FBCF (Cap VI)	33.163.457,00	50.516.374,17	16.118.015,91	38.748.898,00	138.546.745,08
Transf. De capital	30.261.450,00	2.784.958,99	4.557.164,86	31.970.754,00	69.574.327,85
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-5.705.970,00	-18.375.000,00	317.885,00	650.199,00	-23.112.886,00